



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (SERVIZO DE DEPORTES)

Anuncio

Tendo en conta as diversas incidencias producidas no acceso e proceso de sinatura e rexistro telemático e na aplicación @firma da rede SARA, que puideron afectar á presentación de solicitudes dentro da convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo da anualidade 2024, aprobada por acordo de Xunta de Goberno de 1 de marzo de 2024 e cuxo extracto se publicou no BOP nº 058 de data sábado, 9 de marzo de 2024.

Tendo en conta o previsto no artigo 32.4 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que:

4. Cando unha incidencia técnica imposibilitase o funcionamento ordinario do sistema ou aplicación que corresponda, e ata que se solucione o problema, a Administración poderá determinar unha ampliación dos prazos non vencidos e deberá publicar na sede electrónica tanto a incidencia técnica acontecida como a ampliación concreta do prazo non vencido.

Por Resolución de Presidencia de 22 de marzo de 2024, en base ao establecido no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, acordouse:

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para:

1º. Aprobar a ampliación ata o día 27 de marzo de 2024 (inclusive) do prazo para a presentación de solicitudes da convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo da anualidade 2024, aprobada por acordo de Xunta de Goberno de 1 de marzo de 2024 e cuxo extracto se publicou no BOP nº 058 de data sábado, 9 de marzo de 2024.

2º. Publicar a resolución de ampliación de prazo na sede electrónica da Deputación de Lugo conforme ao previsto polo artigo 32.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre. E publicar así mesmo, o presente acordo no BOP de Lugo.

3-. Dar conta a Xunta de Goberno na primeira sesión que se celebre.

O que se comunica para os efectos oportunos

Lugo, 22 de marzo de 2024.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0796

SECCIÓN DE ACTAS E GOBERNO

Anuncio

Resolución da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de data 15 de marzo de 2024, sobre nomeamento deputada delegada de Área de Economía, que textualmente di o seguinte:

"De conformidade co disposto no art. 34.2 e 35.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local en relación co art. 72 do Regulamento Orgánico desta Excma. Deputación de Lugo; 63.3, 64 e 65 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, RESOLVO:

Primero.- Conferir a delegación para a Área de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas á deputada provincial dona M.^a del Carmen López Moreno.